

## COMUNICADO DE PRENSA

..... Día Mundial da Auga – 22 de marzo de 2008 .....

### **Os biólogos reclaman un novo modelo de xestión da auga destinado ao seu aforro, baseado no axuste dos custos dos servizos, na información e a participación pública**

### **Advirten da existencia en Galicia dun gran número de tramos fluviais que non gozan de bo estado ecolóxico**

---

*Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2008 (Vía Láctea Comunicación).*- O vindeiro sábado 22 de marzo celébrase o Día Mundial da Auga. Con motivo desta conmemoración, o **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA-** mostra a súa preocupación pola situación dos ríos e lagos. En particular, queren poñer de manifesto que "a biodiversidade dos ecosistemas acuáticos estase a reducir a unha velocidade moi superior á doutros ecosistemas do planeta".

Dende o COBGA sinalan que a distribución da auga doce sobre a Terra está lonxe de ser uniforme no tempo e no espazo. Explican que "a carencia de auga, en moitos casos acentuada polo cambio climático, vese agravada polo excesivo consumo mundial da agricultura (70% do total) e a industria (23%), pois onde falta máis auga é onde hai máis demanda para regar e, polo tanto, a evaporación é máis intensa".

Os expertos indican que a escaseza do recurso superficial levou en moitas rexións á sobreexplotación dos acuíferos. "Esta situación xerou unha diminución alarmante dos niveis de auga acumulada no subsolo, a salgadización das augas subterráneas por intrusión mariña en zonas costeiras, ou a contaminación por substancias tóxicas procedentes dos campos de cultivo" -aseguran-.

### **A influencia negativa das intervencións do home no ciclo natural da auga**

Os voceiros do COBGA resaltan que as intervencións humanas no ciclo da auga a través da construción de encoros, canalizacións, explotacións de acuíferos ou dos procesos industriais en xeral levan a un aumento da evaporación continental. Como resultado prodúcese unha diminución do balance precipitación/evaporación, o que repercute sobre os grandes equilibrios naturais, primeiro a escala local e logo global.

Os biólogos inciden en que a destrución dos bosques e o uso abusivo do formigón ocasionou, na maioría das concas fluviais, un aumento do volume e velocidade do fluxo da auga e dos materiais que transporta. "Como consecuencia, prodúcense riadas máis fortes e, nas épocas de seca, un descenso máis acusado das augas; estes trocos nas oscilacións naturais impiden predicir con exactitude o seu alcance e limitan a capacidade do home para reducir os riscos ou evitar os danos" -afirman-.

O COBGA mostra a súa preocupación por que a oferta de auga vese diminuída por unha contaminación crecente, mentres que a demanda non deixa de aumentar. “A capacidade técnica e económica para o abastecemento do recurso vese progresiva e seriamente limitada, o que conduce a que a *crise da auga* se convirta nun fenómeno inevitable e agudo, de non se producir un troco na súa xestión” -apuntan-.

### **A situación en Galicia é preocupante**

No caso de Galicia, segundo os biólogos, os estudos de avaliación da calidade biolóxica da auga demostran a existencia dun gran número de tramos fluviais lonxe do concepto de “bo estado ecolóxico” que define a Directiva Europea da Auga.

Os voceiros do Colexio de Biólogos consideran que “é de crucial importancia que Galicia se incorpore á nova estratexia de xestión da auga, cumprindo os novos obxectivos ambientais aos que obriga a normativa europea”. Indican que “esta normativa supón, pese ás súas limitacións, un xiro substancial por facer énfase no uso sustentable da auga, na súa calidade e nas súas funcións ecolóxicas”. Así, dende o organismo colexial resaltan que “o mantemento da integridade dos ecosistemas acuáticos debe ser a razón principal da xestión da auga, debido á estreita interdependencia dos ecosistemas acuático e terrestre”.

### **As masas de auga de Galicia caracterízanse pola riqueza, rareza e singularidade das súas especies**

“A importancia e a riqueza do noso patrimonio biolóxico esixe identificar áreas de máxima diversidade e centros de endemicidade ou rareza de especies, pois necesitamos conservar aqueles ecosistemas nos que a rareza, a riqueza e a singularidade propias das masas de auga de Galicia estean ben representadas” -manifestan os biólogos-. E declaran que “a defensa da nosa biodiversidade debería facerse co maior rigor, en especial fronte a actuacións ambientalmente negativas que se desenvolveron en espazos con diferentes niveis de suposta protección legal. A conservación da biodiversidade debe determinar todos os plans, programas e políticas sectoriais ou intersectoriais, dándolle prioridade absoluta”.

“Calquera proxecto que implique un uso importante de auga debe ter en conta os riscos ambientais e as incertezas derivadas da súa utilización, en particular no relativo ao funcionamento dos ecosistemas sobre os que se asenta. A contaminación e as carencias locais de auga deben resolverse sen presupostos de crecemento indefinido, senón que debe imporse unha lóxica conservacionista e de xestión tendente ao aforro do recurso. Neste sentido, é primordial axustar os custos dos servizos da auga ao seu prezo real, ademais da información e a participación pública como condicións imprescindibles do novo modelo de xestión” -sinalan os biólogos-.